sumario

Admisión de alumnado 2

Editorial 3

colaboracións

Entrevista a Marilar Aleixandre 4

O proxecto Abalar
Reciclamos con Sogama 5

complementarias

Fomos á pista de xeo.
A Tribu 6

Compostela Medieval 7

escolares

O entroido 8, 9 e 12

Busca ao alumnado
de 1ºB 12

Se é que somos coma dúas
pingas de auga 13

O día da Paz 13

Visitounos o pai de... 14

Investigamos na clase 15

Ditos e refráns galegos 15

A Lagoa de Doniños 16

O Río Ulla 16

Obradoiro de expresión
escrita 17

biblioteca

O recanto do lector 18

anpa a ferradura 19

editorial

A admisión de alumnado

Xosé Manuel Casaleiro
Director

Pasaron case 3 meses desde que o día 26 de decembro saiu publicado no DOG o novo Decreto de Admisión de alumnado ata o 15 de marzo no que se publicita a Orde que o desenvolve e que posibilita o inicio do proceso de admisión.

Son varias as diferenzas que establece este novo Decreto que derroga integramente ao 2007 e que van ter repercusión no proceso que se inicia.

A primeira é que o novo Decreto establece un sistema de baremación que modifica as puntuacións outorgadas aos distintos criterios xerais de admisión.

Dentro dos criterios xerais non se contempla como un único centro a efectos de admisión ao IES de adscrición aos efectos de otorgar puntuación ao novo alumnado cuxos irmáns xa tiveran pasado ao IES.

En segundo lugar engade un elemento de debate nos centros de ensino referido ao outorgamento por parte destes dun punto a maiores, utilizable incluso como criterio de desempate. Así, establece no seu artigo 9.3.i "Por criterios complementarios consistentes noutras circunstancias relevantes apreciadas xustificadamente polo órgano competente do centro, de acordo con criterios obxectivos, e que terán que facerse públicos polos centros con anterioridade ao inicio do proceso de admisión: 1 punto."

Este apartado demandado polos titulares dos centros de ensino concertado, facilita a escolla selectiva de alumnado, incluso premiando circunstancias anteriores á da condición de centros sostidos con fondos públicos.

Este punto, que pode chegar a ter un peso porcentual considerable segundo os casos, resulta determinante si a este criterio lle engadimos o da zonificación. Así, zona única mais criterio complementario supoñen de por sí a escolla activa de alumnado, contraria a dereito nos centros sostidos con diñeiro público.

A Orde que desenvolve o Decreto do que estamos a falar, engade outra disxuntiva, pois dí que os centros "poderán" establecer un criterio complementario consistente en circunstancias relevantes apreciadas xustificadamente. Supón isto que o criterio complementario pode aplicarse ou non.

De non aplicarse suporía tamén un agravio comparativo para solicitantes que non tiveran acadado praza e que chegarían á Comisión de Escolarización cun punto menos que aos que si lle lo tiveran outorgado.

Así pois tomando en consideración a posibilidade de outorgar o punto complementario, primar aquelas solicitudes que procedan de alumnado residente na zona de influencia ou que os seus pais ou titores teñan un posto de traballo na mesma parece unha opción de xustiza. Deste xeito estaremos a fortalecer as relacións do centro co seu contorno próximo, tanto coa veciñanza como con aquelas persoas que manteñen o seu labor profesional no mesmo, contribuindo ao seu desenvolvemento.



Consello Escolar

Acordo do Consello Escolar do 19 de marzo de 2013.

Según establece a Orde do12 de marzo de 2013 liña i) os centros de ensino de cara á admisión de alumnado "...poderán establecer un criterio complementario consistente en circunstancias relevantes apreciadas xustificadamente...", "Entre tales circunstancias, poderán considerar un dos criterios xerais que detalla esta orde, que se acreditará na forma que esta estabelece.".

Este Consello Escolar na súa sesión do 19 de marzo, acorda outorgar ***un punto*** *complementario que se engadirá á puntuación total a todas as solicitudes que así o acrediten:*

"Por proximidade do centro ao domicilio familiar ou ao lugar de traballo dalgún dos pais ou titores legais:
1º Se o domicilio familiar está na área de influencia do centro.
2º Se o lugar de traballo dos pais ou titores legais está na área de influencia do centro."

PRESIDENTE
D. Xosé Manuel Casaleiro Fernández

XEFA DE ESTUDOS
Dna. Begoña Seoane Ferreiro

REPRESENTANTES DO PROFESORADO
Dna. Maria Carmen Abelenda
Dna. Teresa Neira González
Dna. Esther Doñate Arrazola
Dna. Josefa Martínez Álvarez
D. Xulio Iglesias Miranda

REPRESENTANTES DE NAIS E PAIS
D. Manuel Ángel Gómez Campos
Dna. Eva Gago Domínguez
D. Jaime Paz García
D. Álvaro García Ortíz

REPRESENTANTE DA ANPA
D. Jesús Domínguez Conde

REPRESENTANTE DO P.A.S.
Dna. Yolanda Vidal Fraga

REPRESENTANTE DO CONCELLO
D. Rebeca Domínguez

SECRETARIA DO CENTRO
Dna. Adela T. Maroño Rodríguez